

PROCEDEMENTO:	CT402H– Programa de aceleradora cultural de proxectos musicais ao abeiro dos fondos NextGenerationEU e do Mecanismo de recuperación resiliencia do Regulamento (UE) número 2021/214.
ASUNTO:	Resolución de modificación da resolución de concesión

## ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

- O día 28 de novembro de 2022, DOG núm.226, publicase a Resolución do 2 de novembro de 2022 pola que se convoca, para o ano 2022, o procedemento para a selección, en réxime de concorrencia competitiva, das persoas participantes no Programa da aceleradora cultural de proxectos musicais ao abeiro dos fondos NextGenerationEU e o Mecanismo de recuperación e resiliencia do Regulamento (UE) número 2021/241 (código de procedemento CT402H).
- En data 1 de marzo de 2023 a Presidencia do Consello Reitor da Agadic dita resolución de concesión da axuda a 12 dos solicitantes, número máximo de beneficiarios conforme o artigo 6 das bases da convocatoria.
- Tras a renuncia de catro destas persoas beneficiarias dítase novas resolucións para dar entrada as dúas únicas persoas que conformaban a listaxe de agarda. O resultado final é que o programa de aceleración púxose en marcha con 10 participantes.
- Durante a tramitación do expediente, á hora de realizar a estimación de custos por beneficiario, non se tivo en conta a obriga de realizar a correspondente declaración tributaria cuestión que tampouco se contempla expresamente nas bases reguladoras polo que consultouse á Axencia Estatal da Administración Tributaria, determinando esta que o beneficiario dunha axuda en especie ten que tributar por esta.
- O día 25 de agosto de 2023 o Director da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) tras a instrución do expediente, emite a proposta de modificación da resolución de concesión

## CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- O órgano competente para ditar a resolución modificatoria é o presidente da Axencia Galega das Industrias Culturais de conformidade co disposto no artigo 20.2 e 20.5 da Resolución do 2 de novembro de 2022 pola que se convoca, para o ano 2022, o procedemento para a selección, en réxime de concorrencia competitiva, das persoas participantes no Programa da aceleradora cultural de proxectos musicais ao abeiro dos fondos NextGenerationEU e o Mecanismo de recuperación e resiliencia do Regulamento (UE) número 2021/241 .



2. O punto 2 do artigo 20 das bases reguladoras establece expresamente *"Cando xurdan circunstancias concretas que alteren as condicións técnicas ou económicas tidas en conta para a concesión da axuda, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión polo órgano concedente."*

3. Estas axudas, que teñen a consideración de axuda en especie están financiadas cun crédito total máximo de 179.328,00 euros, cantidade que non varía con esta modificación e que se corresponde co 80% do custo inicial do programa, imputables á aplicación orzamentaria 10.A1.432B.770.1 do código de proxecto 2022 00001.

4. A redución de persoas beneficiarias participantes no programa non ten un efecto directo sobre o custo do mesmo xa que, por unha banda, non é posible realizar unha baixada lineal dos custes do mesmo e, por outra, o crédito liberado permite a ampliación dalgunhas das actividades para contribuír á boa execución do mesmo para manter e/ou incrementar o nivel de actividades.

5. Así mesmo na tramitación do expediente, á hora de realizar a estimación de custos por beneficiario, non se tivo en conta a obriga de realizar a correspondente declaración tributaria cuestión que tampouco se contempla na redacción das bases. Conforme a consulta realizada a Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT) *"o perceptor da retribución en especie debe incluíla na súa declaración do Imposto de Renta das Persoas Físicas (IRPF), como rendemento de actividades económicas sumando dúas partidas: o valor que resulte de aplicar as regras pertinentes e a contía do propio ingreso a conta realizado por quen satisfaga a retribución"*.

Polo tanto, Agadic, na súa condición de organismo que debe satisfacer a retribución en especie, está obrigado a reter, e ingresar no Tesouro, o 15% en concepto de ingreso a conta dos rendementos de actividades económicas/profesionais sobre o importe da axuda en especie.

6. Todas as circunstancias descritas anteriormente dan lugar a un novo cálculo de custes no que se reflicte de forma clara o axuste no custe do programa, a contabilización do IRPF como parte do devandito custe e a estimación do valor da subvención en especie por persoa beneficiaria.

Este reaxuste queda reflectido no cadro que sigue:

Fase I. Aceleración				
Concepto do gasto	N.º proxectos	Horas/accións	custo unitario	total
Consultaría individual e grupal	10	6 horas	140,00 €	8.400,00 €
Consultaría de produción	10	20 horas	170,00 €	34.000,00 €
Creación e gravación de produto musical	10	24 horas	170,00 €	40.800,00 €
Deseño de plan de negocio	10	24 horas	140,00 €	33.600,00 €
Subtotal fase I				116.800,00 €



<b>Fase II. Promoción e mercados</b>
--------------------------------------

Concepto de gasto	Nº de proxectos	Horas/accións	Custo unitario	Total
Participación en circuitos, festivais e eventos	10	20 accións	2.000,00 €	40.000,00 €
Evento final de presentación de proxectos de proxectos	10	1 evento	30.800,00 €	30.800,00 €
Campaña de difusión do programa				6.000,00 €
			Subtotal fase II	76.800,00 €
IRPF (15%)				29.040,00 €
<b>Total aceleración cultural proxectos musicais</b>				<b>222.640,00 €</b>

7. Os novos custes antes descritos, dan lugar a un novo valor estimado da subvención en especie por persoa beneficiaria de 22.264,00 euros, dos que 2.904,00 euros corresponden á retención do 15% do IRPF.

O valor estimado por persoa beneficiaria con cargo aos orzamentos da Axencia é de 17.811,20 euros, dos que 2.323,20 euros corresponden ao importe da retención a realizar por Agadic.

Examinada a proposta de resolución modificatoria da Dirección da Agadic, e de conformidade con ela,

**RESOLVO:**

1. Modificar a resolución de concesión das axudas, incrementando os importes da axuda en especie conforme o Anexo I.
2. Realizar un documento contable D complementario para incluír o incremento do importe integro e do ingreso a conta de cada un dos beneficiarios.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, consonte á Lei 4/2008 do 23 de maio, de Creación da Axencia Galega das Industrias Culturais e a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, en contra dela poderase interpor os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante o presidente do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais. O prazo para interpor o recurso de reposición será dun mes, se o acto fose expreso ou desde o día seguinte a aquel en que se tivera producido o acto presunto. Transcorrido o dito prazo, unicamente se poderá interpor recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo, de ser o caso, da procedencia do recurso extraordinario de revisión. Se o acto non fose expreso, o solicitante e outros



posibles interesados podrán interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

b) Recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou de seis meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

O Presidente do Consello Reitor da Agadic

Román Rodríguez González



**ANEXO I**
**ENTIDADES BENEFICIARIAS**

N.º EXPEDIENTE	ENTIDADE	NIF	NOME DO PROXECTO	IMPORTE INTEGRO EN ESPECIE	PAGO A CONTA IRPF	EQUIVALENTE ECONÓMICO DA AXUDA*
CT402H/2022/1	LAURA ZELTIA ACUÑA BARROS	***1424**	Zeltia Irevire	15.488,00 €	2.323,20 €	17.811,20 €
CT402H/2022/41	SAMUDRA TRIO ESPJ	E27875764	Samudra Trio	15.488,00 €	2.323,20 €	17.811,20 €
CT402H/2022/26	HELENA EGEA PIÑEIRO	***802**	Helena Egea	15.488,00 €	2.323,20 €	17.811,20 €
CT402H/2022/35	MARTÍN MONDRAGÓN RIBADULLA	***9794**	Mondra: Ruada en Berdini	15.488,00 €	2.323,20 €	17.811,20 €
CT402H/2022/3	ADRIÁN EDWAR TIMMS	***2322**	Adrian Timms	15.488,00 €	2.323,20 €	17.811,20 €
CT402H/2022/39	SANDRA VÁZQUEZ GUTIERREZ	***1213**	hydN	15.488,00 €	2.323,20 €	17.811,20 €
CT402H/2022/21	LAURA MARTÍNEZ PUGA	***9385**	Law	15.488,00 €	2.323,20 €	17.811,20 €
CT402H/2022/30	GABRIEL ÁLVAREZ REBOREDO	***9385**	Paraíso Canto	15.488,00 €	2.323,20 €	17.811,20 €
CT402H/2022/29	ANAHÍ CALVO ARCE	***8873**	Anahí	15.488,00 €	2.323,20 €	17.811,20 €
CT402H/2022/33	TOMÉ MOURIÑO COVELO	***9514**	De Ninghures	15.488,00 €	2.323,20 €	17.811,20 €

\* Estes importes correspóndense coas aportacións da Agadic (80% do coste total do programa)

